FASE 2 : 2030 APERTURA AOS USOS PUBLICOS E NOVAS FORMAS DE MOBILIDADE

APERTURA A LOS NUEVOS USOS PÚBLICOS Y NUEVAS FORMAS DE MOVILIDAD

Superadas a inmediatez e provisionalidade da fase inicial, chega o momento do deseño da estratexia global de transformación do área, así como das primeiras reordenacións urbanísticas e da introdución de alternativas en materia de mobilidade.

Superadas la inmediatez y provisionalidad de la fase inicial, llega el momento del diseño de la estrategia global de transformación del área, así como de las primeras reordenaciones urbanísticas y de la introducción de alternativas en materia de movilidad.

#deseño_do_proceso #primeiras _transformacions #mobilidade #espazo_público

gobernanza

transformacións

condicionantes

Xestión conxunta ou coordinada dos Portos de Ferrol e A Coruña. 2022
Gestión conjunta o coordinada de los Puertos de Ferrol y A Coruña. Consolidación del uso portuario de los muelles del Centenario y San Diego.

Consolidación do uso portuario dos peiraos do Centenario e San Diego. 2022

Recuperación da mobilidade de proximidade marítima coa posta en servizo da conexión A Coruña-Santa Cristina. 2022
Recuperación de la movilidad de cercanías marítima con la puesta en servicio de la conexión A Coruña-Santa Cristina.

Desdoblamento da vía e construción da estación terminal de San Diego para a incorporación do tren de proximidade. 2023
Desdoblamiento de la vía y construcción de la estación terminal de San Diego para la incorporación del tren de cercanías.

Reordenación dun grande espazo libre entre infraestruturas viarias para mellorar a conexión peonil e ciclable entre Os Castros e Oza: o parque de Casabranca. 2023
Reordenación de un gran espacio libre entre infraestructuras viarias para mejorar la conexión peatonal y ciclable entre Os Castros y Oza: el parque de Casabranca.

Aprobación do Plan Estratéxico de transformación do porto, froito do proceso participativo e a negociación entre as diferentes administracións implicadas. 2024
Aprobación del Plan Estratégico de transformación del puerto, fruto del proceso participativo y la negociación entre las diferentes administraciones implicadas.

Creación dunha planta de reciclaxe urbana para o peche de ciclos no proceso de transformación do porto e da cidade. 2025
Creación de una planta de reciclaje urbano para la cierre de ciclos en el proceso de transformación del puerto y de la ciudad.

Recuperación da condición de illa do castelo de San Antón coa substitución do dique de acceso por unha pasarela peonil. 2025
Recuperación de la condición de isla del castillo de San Antón con el relevo del dique de acceso por una pasarela peatonal.

Desmantelamento (reciclaxe) e reordenación dos peiraos de Bateria e Calvo Sotelo como espazo libre litoral en continuidade cos xardíns de Méndez Núñez: o parque da Punta da Robaliza. 2026
Desmantelamiento (reciclaje) y reordenación de los muelles de Batería y Calvo Sotelo como espacio libre litoral en continuidad con los jardines de Méndez Núñez: el parque de la Punta da Robaliza.

Traslado dos graneis sólidos ao porto exterior, quedando sen uso o peirao do Centenario e a estación de mercadorías de San Diego. 2026
Traslado de los graneles sólidos al puerto exterior, quedando sin uso el muelle del Centenario y la estación de mercancías de San Diego.

Reconversión da Medusa nun grande espazo público aberto e cubierto. 2027
Reconversión de la Medusa en un grande espacio público abierto y cubierto.

Finalización da concesión do Hotel Finisterre e da Solana, que pasará a xestión municipal. 2027
Finalización de la concesión del Hotel Finisterre y de la Solana, que pasará a gestión municipal.

Finalización da concesión de Repsol no porto petroleiro. 2027
Finalización de la concesión de Repsol en el puerto petrolero.

Comezo do proceso de desmantelamento das instalacións do porto petroleiro. 2028
Comienzo del proceso de desmantelamiento de las instalaciones del puerto petrolero.

Reconversión do peirao do Centenario para asumir o tráfico de contedores. 2028
Reconversión del muelle del Centenario para asumir el tráfico de contenedores.

Comezo do proceso de biorremediación dos solos do peirao petroleiro e apertura ao uso público como espazo libre non urbanizado. 2029
Comienzo del proceso de biorremediación de los suelos del muelle petrolero y apertura al uso público como espacio libre no urbanizado.

Reordenación do ámbito entre as Ánimas e o Parrote: o parque da Punta do Espíritu Santo. 2030
Reordenación del ámbito patrimonial entre Animas y Parrote: el parque de la Punta del Espíritu Santo.

Creación de novos accesos e zonas de baño no Parrote e consolidación da dársena da Mariña como espazo de ocio e baño público. 2030
Creación de nuevos accesos y zonas de baño en el Parrote y consolidación de la dársena de la Mariña como espacio de ocio y baño público.



INTERVENCIONS

REORDENACION DO AMBITO ENTRE AS ANIMAS E O PARROTE

Posta en valor das pezas patrimoniais (murallas, castelo) que conforman o lugar. Dunha banda, recupérase a condición de illa do Castelo de San Antón, substituíndo o espigón por unha pasarela peonil. Doutra, a supresión do aparcamento da Solana e un novo trazado de vías permiten a creación dunha nova zona verde, a obtención dun espazo de respecto ante o baluarte das Ánimas e unha maior visibilidade do lenzo da muralla da traseira da Solana.

REORDENACION DEL AMBITO ENTRE AS ANIMAS Y O PARROTE

Puesta en valor de las piezas patrimoniales (murallas, castillo) que conforman el lugar. De una banda, se recupera la condición de isla del Castillo de San Antón, sustituyendo el espigón por una pasarela peatonal. De otra, la supresión del aparcamiento de la Solana y un nuevo trazado de vías permiten la creación de una nueva zona verde, la obtención de un espacio de respeto ante el baluarte de las Ánimas y una mayor visibilidad del lienzo de la muralla de la trasera de la Solana.

REORDENACION DOS PEIRAOS DE BATERIA E CALVO SOTELO

Creación dun novo espazo público en continuidade cos Cantóns. Introducción de zonas verdes cunha escala que permita a súa utilización máis aló do visual, conformando diferentes espazos con suficiente superficie e formas topográficas que aumenten as súas posibilidades de uso, protexan dos ventos, separen as áreas de aparcamento dos edificios da avenida do Porto, e delimiten itinerarios peonís dunha escala recoñecible. Na punta do peirao, a intervención culmina cunha praza circular lixeiramente afundida (protección do vento) no espazo que previamente ocupara o Foro cidadán. Favorécese o contacto coa auga mediante a formación dunha escalinata.

REORDENACION DE LOS MUELLES DE BATERIA Y CALVO SOTELO

Creación de un nuevo espacio público en continuidad con los Cantones. Introducción de zonas verdes con una escala que permita su utilización más allá de lo visual, conformando diferentes espacios con suficiente superficie y formas topográficas que aumenten sus posibilidades de uso, protejan de los vientos, separen las áreas de aparcamiento de los edificios de la avenida del Puerto, y delimiten itinerarios peatonales de una escala reconocible. En la punta del muelle, la intervención culmina con una plaza circular ligeramente hundida (protección del viento) en el espacio que previamente había ocupado el Foro ciudadano. Se favorece el contacto con el agua mediante la formación de una escalinata.

MOBILIDADE METROPOLITANA

Desenvolvemento do sistema de transporte público metropolitano coa introdución do barco e o tren de proximidade. O primeiro permite conectar a través da ría puntos centrais da cidade con Oleiros (inicialmente o porto de Santa Cristina), cunha rede de liñas que pode medrar co tempo tanto a nivel urbano como comarcal. No caso do tren, recupérase a infraestrutura existente ata San Diego coas obras necesarias (electrificación, desdobrado de vías, nova estación) para dotar de servizo a zonas moi poboadas da área metropolitana.

MOVILIDAD METROPOLITANA

Desarrollo del sistema de transporte público metropolitano con la introducción del barco y el tren de cercanías. El primero permite conectar a través de la ría puntos centrales de la ciudad con Oleiros (inicialmente el puerto de Santa Cristina), con una red de líneas que puede crecer con el tiempo tanto a nivel urbano como comarcal. En el caso del tren, se recupera la infraestructura existente hasta San Diego con las obras necesarias (electrificación, desdoblado de vías, nueva estación) para dotar de servicio a zonas muy pobladas del área metropolitana.

RECONVERSION DA MEDUSA

Integración da cúpula da Medusa dentro da rede de espazos públicos da cidade, posibilitando a realización de todo tipo de eventos multitudinarios nun espazo espectacular dende a perspectiva arquitectónica, xeográfica e paisaxística. A intervención require a demolición do muro do zócolo e a conexión do ámbito coa trama urbana de xeito segregado respecto do porto de mercadorías.

RECONVERSION DE LA MEDUSA

Integración de la cúpula de la Medusa dentro de la red de espacios públicos de la ciudad, posibilitando la realización de todo tipo de eventos multitudinarios en un espacio espectacular desde la perspectiva arquitectónica, geográfica y paisajística. La intervención requiere la demolición del muro del zócalo y la conexión del ámbito con la trama urbana de manera segregada respeto del puerto de mercancías.

PARQUE DE CASABRANCA

Mellora da mobilidade do ámbito salvando as vías do ferrocarril que o fragmentan na actualidade para recuperar a conexión peonil e ciclista entre Os Castros, Casabranca e Oza. Aproveitando a topografía existente, a intervención implica realizar un falso túnel na parte superior en contacto cos Castros para cruzar por enriba da vía do tren e un pequeno viaduto na zona inferior de Oza para atravesar o outro ramal por debaixo.

PARQUE DE CASABRANCA

Mejora de la movilidad del ámbito salvando las vías del ferrocarril que el fragmentan en la actualidad para recuperar la conexión peatonal y ciclista entre Los Castros, Casablanca y Oza. Aprovechando la topografía existente, la intervención implica realizar un falso túnel en la parte superior en contacto con los Castros para cruzar por arriba de la vía del tren y un pequeño viaducto en la zona inferior de Oza para atravesar el otro ramal por debajo.